

Índices de valor unitario para o comercio exterior. Referencia 2005.


Setembro 2009

NOTA DE PRENSA

En setembro de 2009 os prezos dos bens exportados e importados en Galicia diminuíron en termos interanuais un 3% e un 7,4% respectivamente

Segundo os datos da operación “Índices de valor unitario para o comercio exterior”, elaborada polo Instituto Galego de Estatística, os prezos dos bens exportados na Comunidade Autónoma de Galicia diminuíron un 3% en setembro de 2009 con respecto ao mesmo mes do ano anterior. Para os bens importados, os prezos experimentaron unha diminución interanual do 7,4%.

No que vai de ano, os prezos dos bens exportados diminuíron un 3,9% e os dos importados un 12,1%.



FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

Clasificación por destino económico dos bens

Atendendo á clasificación por destino económico, a variación interanual dos prezos das exportacións de bens de equipo foi do 6,7%. Pola contra, os prezos dos bens intermedios e dos bens de consumo diminuíron un 3,8% e un 3,5% respectivamente.

Nas importacións, os prezos dos bens de equipo diminuíron un 5%, os dos bens de intermedios un 8,7% e os dos bens de consumo un 9,8.



Índices de valor unitario para o comercio exterior. Setembro 2009

Índice xeral e clasificación por destino económico dos bens

EXPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)		IMPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)	
	No mes	No que vai de ano		No mes	No que vai de ano
ÍNDICE XERAL	-3,0	-3,9	ÍNDICE XERAL	-7,4	-12,1
Bens de consumo	-3,5	-3,9	Bens de consumo	-9,8	-2,8
Bens de equipo	6,7	6,9	Bens de equipo	-5,0	0,0
Bens intermedios	-3,8	-6,9	Bens intermedios	-8,7	-16,1

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

NOTA: datos provisionais

Clasificación por orixe/destino xeográfico

Por destino xeográfico das exportacións de bens, produciuse unha diminución interanual do 2,8% para os países pertencentes a OCDE, do 3,2% para a Unión Económica e Monetaria e do 3,4% para a UE-25. Os prezos dos bens con destino a países non pertencentes á OCDE os prezos diminuíron un 3,5%.

Por orixe dos bens importados, os prezos dos bens procedentes da UEM diminuíron un 14,4%, os da UE-25 un 14,3%, os da OCDE un 5,7% e os procedentes do resto de países un 9,7%.

Índices de valor unitario para o comercio exterior. Setembro 2009

Clasificación por orixe/destino xeográfico

EXPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)		IMPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)	
	No mes	No que vai de ano		No mes	No que vai de ano
UEM	-3,2	-5,6	UEM	-14,4	-12,6
UE-25	-3,4	-6,1	UE-25	-14,3	-12,7
OCDE	-2,8	-4,8	OCDE	-5,7	-12,1
Resto de países	-3,5	1,9	Resto de países	-9,7	-11,7

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

NOTA: datos provisionais; UEM: Unión Económica e Monetaria

Pódese consultar a metodoloxía da estatística en:

http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_ivus_ref_2005_ga.pdf

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>

Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)

FAX: 981.54.13.23

Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>